


Actividade onde poderemos crear un gráfico de liñas ou de barras ou tamén realizar distintas operacións sobre este, a táboa de datos, etc:

Forma a gráfica das temperaturas medias da cidade de Vigo elevando os puntos ós seu táboa.



Na pestana "Actividade" atopamos:

ZONA 1


En este recadro podemos (opcional) poner un título ao gráfico no

1 Introduzca los datos

campo "Título" (1) e tamén podemos formatalo elixindo o tipo de letra (2), o tamaño (3), a cor (4) e marcando as dúas últimas casas (5) podemos aplicar negra e/ou cursiva.

ZONA 2

Aquí introduciremos os datos e características dos elementos do eixe X. No campo "Texto en leyenda" (1) escribiremos un pequeno texto que identifique os elementos deste eixe, que se situará na parte inferior




dereita deste; co botón (2) elixiremos a cor deste e no campo (3) o tamaño da fonte. Nos campos centrais (4) poderemos introducir os nomes dos elementos que van formar parte do eixe X ata un máximo de 12; na parte inferior poderemos elixir o tipo (5) tamaño (6), cor (7) dos textos destes 12 campos, así como tamén se queremos que estean en grossa (8).

NOTA: O tipo de fonte, tamaño e a grossa tamén afectarán aos elementos á esquerda do eixe Y, aínda que non así a cor.

ZONA 3

Aquí introduciremos os datos e características dos elementos do eixe Y. No campo "TexLen" (1) escribiremos un pequeno texto que identifique os elementos deste eixe, que se situará na súa parte dereita; co




botón (2) elixiremos a cor dese texto e no campo (3) o tamaño da fonte. Nos campos (4) poderemos engadir ata 3 **ítemes** para cada un dos elementos que inserimos nos campos do eixe X; é dicir, podería haber ata 3 columnas ou tres puntos para cada valor do eixe X; cos botóns (5) poderemos elixir as cores desas columnas ou das liñas da gráfica.

No campo "Iniciar en:" (6) indicaremos se os valores de eixe **Y** se iniciarán dende o 0 ou dende outro valor, mesmo dende números negativos. No campo "Incremento" (7) indicaremos cada cantas unidades aparecerán liñas horizontais na gráfica, isto tamén implica cada cantas unidades aparecerán números no eixe **Y**. No campo "Espazo entre valores" (8) indicaremos, no caso de que o usuario sexa que deba axustar as columnas ou os puntos para construír o gráfico, a cantidade de unidades que avanzará de golpe o punto ou a columna cada vez que o usuario mova os puntos ou as columnas cara a arriba. Finalmente no campo "Nº de divisións" (9) indicaremos o valor máximo que poderán tomar os datos no eixe **Y**, ou sexa, o número que aparecería no extremo superior do eixe.

ZONA 4

Faremos dobre clic sobre a táboa e aparecerá unha ventá emerxente para introducir datos:



Na parte esquerda aparecerán os nomes (1) que puxeramos nos campos numerados da zona 2 para o eixe X. Na parte central aparecerán unha serie de listas despregables (unha por nome) nas que indicaremos o valor que queiramos asociar a cada un deses nomes. Na lista de valores só aparecerán múltiplos do número que inserimos no campo "Incremento" da zona 3. No exemplo que pode verse na imaxe dedúcese que nese campo puxeramos o valor "5".

ZONA 5

Aquí seleccionaremos distintos parámetros sobre a solución e presentación da actividade.

Seleccione los distintos parámetros para la actividad

Tipo de gráfico: Líneas **1** Barra


Tipo de actividad: Fija **2** Libre Ajustar gráfico Ajustar datos y gráfico

Tamaño: 630 **3** X 290 **4** **5**

Correctas **6** Poner datos en el gráfico **7** Ver tabla de datos **8** Tamaño de la fuente: 15 **9**

Cos botóns "Tipo de gráfico" excluíntes

(1) optaremos polo gráfico de liñas ou o de barras. Cos botóns "Tipo de actividade" (2) eliximos a forma de solución: se escollemos "Fija" simplemente presentárase o gráfico cos datos e non haberá ningún tipo de interacción; se escollemos "Cubrir datos" aparecerá baixo o gráfico unha táboa de datos con listas despregables (en caso de que teñamos marcada a casa correspondente) para cada ítem do eixe X e o usuario terá que seleccionar o dato correspondente:



Se escollemos "Axustar datos e gráfico", ademais de ter que completar a táboa de datos, como na figura anterior, o usuario terá que crear tamén o gráfico elevando os puntos da liña ou as barras ata o valor axeitado. Se eliximos a opción "Libre" o usuario poderá crear libremente o gráfico que desexe (sempre coa limitación dos valores que puxeramos nos eixes) e non aparecerá o botón de verificación [?] para comprobar se é correcta ou non a actividade. Finalmente, se eliximos a opción "Axustar gráfico", o usuario deberá crear o gráfico elevando os puntos da liña ou as barras ata o valor axeitado.

No recadro inferior podemos axustar o ancho e o alto (3) da área de traballo da actividade; facer que a mesma sexa compatible con dispositivos de pantalla táctil (4) e redondear ou non as esquinas dos recadros da actividade (5). Marcando a casa "Correctas" (6) en caso de que o usuario teña que cubrir a táboa de datos e falle nalgúns, ao pulsar o botón de verificación os datos correctos aparecerán atenuados para que non teña que volver introducilos, e só deberá cambiar os incorrectos; se non se marca esta casa e hai algún dato erróneo, simplemente aparecerá a mensaxe de erro e o usuario haberá de revisar todos os datos novamente.

Marcando a casa "Poñer datos no gráfico" (7) sobre cada columna ou cada punto da liña aparecerá o valor correspondente en cada momento segundo a súa posición (altura) con respecto ao eixe X. Marcando a casa "Ver táboa de datos" (8) aparecerá unha táboa na parte inferior do gráfico mostrando os datos E para cada valor do eixe "X". Esta casa debe marcarse polo menos cando escollamos as opcións "Cubrir datos" e "Axustar datos e gráfica". Finalmente no campo "Tamaño da fonte" (9) indicaremos o tamaño dos caracteres que forman parte da táboa de datos e tamén dos **ítemes** escritos nos campos numerados da zona 3.